

BASES DA PROMOCIÓN "ESTE VERÁN EN BETANZOS MERCA, RASCA E GAÑA" DA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABIERTO

A Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos Centro Comercial Aberto (ACEBE CCA) pon en marcha a campaña "ESTE VERÁN EN BETANZOS MERCA, RASCA E GAÑA", que se desenvolverá entre o 1 e o 20 de xullo de 2024, e que consistirá na emisión de 8.000 papeletas "Rasca e Gaña" (rascas) mediante as que se sortearán 400 premios.

PREMIOS:

- 12 vales de 50 €
- 45 vales de 20 € cada un.
- 218 bolsas de tea de algodón reutilizables.
- 125 libros de cómic.

ACEBE CCA entregará 50 "rascas" a cada un dos establecementos asociados que se inscribieran nesta campaña para que os repartan entre os seus clientes. O reparto de rascas aos clientes efectuarase entre o 1 e o 20 de xullo de 2024 ou ata fin de existencias os comercios e empresas participantes na campaña.

Será criterio do responsable do establecemento comercial decidir o número de boletos a entregar a cada cliente segundo o volume de compra e ata finalizar as existencias.

No caso de atopar un "rasca" premiado cun vale de 50€ ou 20 €, o agraciado poderá canxealo en calquere establecemento asociado a ACEBE CCA. O establecemento debe gardar o rasca premiado para entregarllo á organización e recuperar o seu valor.

No caso de atopar un "rasca" premiado cunha bolsa de tea ou un libro de cómic o interesado terá que dirixirse coa papeleta premiada á oficina de ACEBE CCA, ubicada na Pza. Mestre José Dapena Nº 1 de Betanzos, en horario de 10:00 a 14:00 h. de luns a venres, onde o persoal da oficina lle entregará o premio. En ningún caso os premios serán canxeables polo seu valor en efectivo. Non se considerarán válidos os "rascas" premiados cando nos mesmos se aprecien roturas, tachaduras, enmendas ou deterioros, ou calquera outra alteración ou manipulación que impida ou dificulte a súa total e perfecta identificación e autenticación como boletos premiados.

Cada "rasca" premiado cun vale de 50€ ou 20 €, deberá ser canxeado integramente nunha compra de importe igual ou superior ao valor do mesmo. Se a compra fose de importe inferior ao vale non poderá recibir o cambio correspondente, perdendo a diferenza. Non se permite a utilización do vale como medio de disposición de efectivo.

CONDICIÓN XERAIS DA PROMOCIÓN:

Non poderán participar en ningún caso os empregados de ACEBE CCA nin os membros da Xunta Directiva da Asociación. Os premios só poderán ser entregados a persoas maiores de idade. En caso de que algún premiado sexa menor de 18 anos a entrega realizarase aos seus titores legais, que deberán acreditar documentalmente a súa condición.

O listado de establecementos participantes na campaña estará dispoñible a través da páxina web www.comerciodebetanzos.com

A data límite para reclamar os premios é o 31 de xullo de 2024.

Os participantes poderán consultar as bases do presente sorteo durante o período en que estea vixente a promoción na páxina web www.comerciodebetanzos.com.

Os premiados autorizan a ACEBE CCA para utilizar publicamente o seu nome e imaxe en medios de comunicación, en redes sociais e en calquera soporte divulgativo relacionado coa Campaña "ESTE VERÁN EN BETANZOS MERCA, RASCA E GAÑA" de ACEBE.CCA.

A participación no sorteo implica a aceptación íntegra das bases.